



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 545 400

galicia

NOTA INFORMATIVA.-

Para a súa difusión, infórmase que desde a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade ditouse con data 12 de setembro unha instrucción referida ao prazo de tramitación da valoración da situación de dependencia das persoas con diagnóstico de Esclerose Lateral Amiotrófica.

A raíz do traballo desenvolvido polas Consellerías de Sanidade e Política Social sobre o Proceso Asistencial Integrado da Esclerose Lateral Amiotrófica, inténtase impulsar nun acto único en consultas hospitalarias, o seu seguimento e o establecemento de tempos máximos tanto para os servizos sanitarios como para os servizos sociais. Os tempos son decisivos xa que ao ser, en moitos casos, un proceso rapidamente dexenerativo, as necesidades da persoa son variables e urxentes polo tanto tamén o son os servizos requiridos.

Dita instrucción refíre que as **solicitudes de recoñecemento da situación de dependencia (iniciais e de revisión) nos casos de persoas con diagnóstico de Esclerose Lateral Amiotrófica, tramitaranse no prazo máximo dun mes** desde a entrada na Xefatura Territorial correspondente.

A Unidade de Coordinación da Dependencia recibirá por parte dos servizos sociais a información de cada unha das solicitudes para o seu seguimento.

Considérase o cumprimento do prazo dun mes cando a notificación da resolución de PIA (Programa Individual de Atención) se achegue nese prazo.